



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Auditorio de Galicia

*Anuncio de publicación de decreto da Presidencia do Auditorio de Galicia de delegacións de competencias na dirección xerencia*

**Anuncio de publicación de decreto da Presidencia do Auditorio de Galicia de delegacións de competencias na dirección xerencia.**

Con data de 21 de setembro de 2023 e número de decreto 239/2023 Goretti Sanmartín Rei, Presidenta do Consello Reitor do Auditorio de Galicia, polas atribucións concedidas no artigo 7 dos estatutos do organismo autónomo.

Co obxectivo de axilizar a xestión e mellorar o servizo ofrecido á veciñanza, de acordo co disposto nos estatutos do Auditorio de Galicia e en virtude do establecido no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Resolveu:**

1. Delegar na dirección-xerencia do Auditorio de Galicia as seguintes competencias:
  - a) A representación do organismo autónomo para a solicitude e xustificación de subvencións e axudas ante outras entidades públicas ou privadas.
  - b) A representación do organismo autónomo para a sinatura de contratos privados de natureza artística.
  - c) A sinatura dos acordos de autorización de uso de espazo do Auditorio de Galicia e a representación do organismo autónomo para a sinatura dos contratos que regulen a cesión do uso.
  - d) A sinatura das convocatorias das sesións do Consello Reitor e da Comisión Executiva.
  
2. Publicar a presente resolución no BOP da Coruña para o seu xeral coñecemento.

O cal se publica para o xeral coñecemento.

Xaquín López Fernández

O director-xerente do Auditorio de Galicia

Santiago de Compostela, 21 de setembro 2023

2023/7585